



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA TRES DE OUTUBRO DE 2019
EXPEDIENTE: 2019/G010/000010

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela
Alberto Seoane Brandariz
Gustavo Manuel Quindimil Gómez
Francisca Bestilleiro Roel
Marcos Zapata Díaz
José María Caamaño Nogueira
Luis Constante Freire Pérez de Juan
Silvia Taboada Carro

Roberto Gómez Lesta
Fátima Insua López
María Ángeles Vilas Pedreira
Francisco Javier Rodríguez Souto

Escusan a súa ausencia:

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora:

Gema Vázquez López

En Abegondo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día tres de outubro de 2019, previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión ordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES
2. APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL 2018

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

3. DACIÓN DE CONTA DA SOLICITUDE PRESENTADA NO CONCELLO DE ABEGONDO POLAS TRES ASOCIACIÓN RECREATIVAS E DEPORTIVAS DA PARROQUIA DE CRENDES
4. DECRETOS DA ALCALDÍA
5. ROGOS E PREGUNTAS

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Queda pendente este asunto por fallo no envío do arquivo coa acta da sesión anterior.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL 2018

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta correspondente que dí:

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDIA CONTA XERAL 2018

EXPEDIENTE: 2019/G006/000047 E 2019/X999/000258

Visto o expediente que se tramita para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Abegondo, correspondente ao exercicio económico 2018, no que consta: informe favorable da Comisión Especial de Contas, de data 30 de maio de 2019; informe de Intervención; anuncio de exposición pública no BOP nº 143, de data 31 de xullo de 2019, e que comprende tódalas operacións levadas a cabo durante o exercicio de referencia, tanto orzamentarias como independentes e auxiliares, patrimoniais e de tesourería, tal como determina o artigo 208 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais, co seguinte contido:

1) BALANCE DE SITUACION: 23.204.017,28 euros (activo e pasivo).

2) CONTA DE RESULTADOS:

- a) Ingresos de xestión ordinaria: 4.747.921,34 €
 - b) Gastos de xestión ordinaria: 3.462.044,84 euros
- I. Resultado (aforro) da xestión ordinaria: 1.285.876,50 €



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- II. Resultado das operacións non financeiras: 1.285.876,50 €
III. Resultado das operacións financeiras: 10.817,14 €
IV. Resultado (aforro) neto do exercicio: 1.296.693,64 €

3) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

RESULTADO ORZAMENTARIO 2018	
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. DRN por operacións correntes (cap. I a V)	4.653.167,49
b. DRN por operacións de capital (cap. VI e VII)	129.838,33
1. Total dereitos recoñecidos netos por operacións non financeiras	4.783.005,82
c. DRN por activos financeiros	0,00
d. DRN por pasivos financeiros	0,00
2. Total dereitos recoñecidos netos por operacións financeiras	0
Total dereitos recoñecidos	4.783.005,82
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. ORN por operacións correntes (cap. I a IV)	3.448.338,84
b. ORN por operacións de capital (cap. VI e VII)	446.458,04
1. Total obrigas recoñecidas netas por operacións non financeiras	3.894.796,88
c. ORN por activos financeiros	0,00
d. ORN por pasivos financeiros	0,00
2. Total obrigas recoñecidas netas por operacións financeiras	0,00
Total obrigas recoñecidas	3.894.796,88
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	888.208,94
AXUSTES	
4. Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	12.955,67
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio	422.236,91
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio	254.220,44
II. TOTAL AXUSTES (3+4-5)	+180.972,14
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)	1.069.181,08

4) MEMORIA: contén entre outros o estado do remanente líquido de tesourería:

REMANENTE DE TESOURERÍA 2018	
1. Fondos líquidos	1.657.795,89
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	230.919,33
2.a. de orzamento corrente	213.141,26
2.b de orzamentos pechado	0
2.c de operacións non orzamentarias	17.778,07
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	130.018,61
3.a. de orzamento corrente	27.553,42
3.b. de orzamentos pechados	0
3.c. de operacións non orzamentarias	102.465,19
4. Partidas pendentes de aplicación (4.b – 4.a)	19.704,23
4.a cobros realizados pendentes de aplicación definit	30.015,75



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

4.b pagos realizados pendentes de aplicación definit	49.719,98	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)		1.778.400,84
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		0
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADO (RLTGFAf)		157.648,23
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		1.620.752,61

Proponse que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Prestar aprobación á Conta Xeral do Concello de Abegondo, correspondente ó exercicio económico de 2018, tal como preceptúa o artigo 212.4 do TRLRFL, toda vez que se cumpríu coas formalidades que ó respecto esixen os artigos precedentes do citado corpo legal.

SEGUNDO. Render conta deste acordo ao Consello de Contas da Xunta de Galicia e ao Tribunal de Contas, cumprindo así co disposto no artigo 212.5 do citado TRLRFL.

Logo da explicación por parte do alcalde presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata Díaz, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)

Abstencións: 4 (Roberto Gómez Lesta, Fátima Ínsua López, Francisco Javier Rodríguez Souto e María Ángeles Vilas Pedreira)

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.

3. DACIÓN DE CONTA DA SOLICITUDE PRESENTADA NO CONCELLO DE ABEGONDO POLAS TRES ASOCIACIÓN RECREATIVAS E DEPORTIVAS DA PARROQUIA DE CRENDES

O alcalde fai unha explicación do asunto e pide ao secretario que se lles dea conta aos solicitantes do estado da tramitación deste asunto e que se debateu no pleno así como que se está a negociar co Deportivo.

Alcalde-Presidente: Xa hai tempo que levan pedindo que fagan como o San Tirso. En todo caso é unha sociedade un pouco reacia a este tipo de cesións pero cando se constituíu a xuventude de Crendes pediron axuda para constituír o clube e instalacións e o concello as incluíu nas subvencións nominativas para os gastos e puideron acceder ás instalacións municipais.

Queríamos usar un campo de fútbol da sociedade deportiva Crendes pero non cumpría as medidas federativas, así que se negociou a compra dun terreo nas inmediacións do pantano. Esta nova instalación non se ía facer nun ano nin en dous... Logo disto e varias reunións coas asociacións e o Deportivo, recoñecendo que non foi idea miña, chegouse a este punto. Imos ver se é posible e cómo negociamos. A segunda parte é o tema do campo de fútbol que ten a Sociedade que está a idea de cedela para unha instalación multideportiva, cun cuberto para utilizar cando as inclemencias do tempo non permitan xogar ou adestrar ao aire libre.

Roberto Gómez Lesta: Cómo o de Guiliade?

Alcalde-Presidente: A mín ese non me convence, gústame un pouco máis algún que hai en Carral.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Francisco Javier Rodríguez Souto: ¿Se nos vai dar información do preacordo co Deportivo? ¿Vano ceder a cambio de qué? ¿Qué aporta o Deportivo? Gustaríame que, cando fagades o acordo, nos derades conta. Persoalmente, entendo que se temos que poñer cartos, hai outras zonas do concello nas que investir os cartos. O tema ceder é unha cousa, o tema inversión, é outra.

Alcalde-Presidente: Eu xa lles ofrecía o campo de fútbol pero en dous ou tres anos non está rematado, pero nós se quere confiamos en vostede para facer as negociacións e o que acorde, ben acordado estará.

Francisco Javier Rodríguez Souto: ¿O concello ten propiedades? Unha cesión non é unha propiedade, e hai que ver a letra pequena.

O alcalde-presidente indica que dará coñecemento do borrador do acordo ás asociacións e con AxA.

4. DECRETOS DA ALCALDÍA

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

5. ROGOS E PREGUNTAS

Roberto Gómez Lesta: O tema da subestación, ¿hai novidades?

Alcalde-Presidente: Chamoume un alto cargo e díxome que se pode facer unha subestación soterrada. Non hai novidades, ía saír no DOG e no BOE, pero non saíu nada, que casualidade desde que nos opuxemos frontalmente... En todo caso non podemos opoñernos á necesidade dunha subestación, pero sí ao trazado.

Roberto Gómez Lesta: Na parroquia de Leiro, se tirara una casa na estreita aquela, ¿cómo vai?

Alcalde-presidente: Imos iniciar a expropiación e imos negociar coa saca de enfronte para coller unha parte da propiedade gratis.

María Ángeles Vilas Pedreira: A principios de verán fixemos un escrito, hai unha estrutura en Marcés, fíxose un desmonte e agora hai terra e silvas. Queríamos que o Concello lles obrigue a limpar e se se van limpar as taxeadas.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por finalizado o acto ás catorce horas e dezanove minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O alcalde-presidente
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

